



**A xornada, en formato combinado presencial + virtual, dirixiuse especialmente a estudantes e persoal administrativo e investigador**

## **“Hai que fomentar a ciberseguridade dende a infancia, por protección e para despertar vocacións”**

- *Susana Rey, especialista en ciberseguridade e membro da Oficina de Protección de Datos de R, participou esta mañá na Xornada Mulleres e Ciberseguridade da Universidade de Vigo.*
- *O campus vigués acolleu esta mesa redonda para pór en común experiencias de mulleres profesionais do ámbito da ciberseguridade, coincidindo esta semana coa celebración do Día Internacional da Muller.*
- *A experta de R considera que a formación de cidadáns/ás dixitais, especialmente na área da ciberseguridade, debe comezar xa na Educación Primaria.*

**Mércores, 9 de marzo de 2022.-** As Escolas de Enxeñaría de Telecomunicación e Industrial e a Escola Aberta de Formación Permanente da Universidade de Vigo organizaron a **Xornada Mulleres e Ciberseguridade**, que se desenvolveu esta mañá no Edificio Miralles ou Aulario do campus vigués. O reitor do centro, Manuel Reigosa, e Mar Pereira, directora da AMTEGA, inauguraron o encontro ao fío das celebracións do *Día Internacional da Muller* que teñen lugar ao longo de toda esta semana.

A iniciativa reuniu nunha mesa redonda mulleres que desenvolven a súa actividade profesional na área da ciberseguridade, para pór en común e ofrecerlle ao auditorio a súa visión sobre o papel que na actualidade xogan as mulleres neste ámbito.

Todas elas falaron de motivacións e experiencias ao longo da súa traxectoria profesional como expertas en ciberseguridade e reflexionaron sobre o panorama presente e futuro que lles pode deparar ás mulleres este campo nun momento crucial para a potenciación, tamén entre nenas e mozas, das profesións de perfil tecnolóxico ou STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas).

## Contido transversal en Educación Primaria e Secundaria

Susana Rey, experta en ciberseguridade e membro da Oficina de Protección de Datos de R, incidiu na necesidade de incluír a **capacitación dixital como un contido transversal na educación** xa dende a Educación Primaria, e sobre todo en Secundaria. *“Nun contexto cada vez máis dixital, tanto nos ámbitos privados como profesionais, os nosos mozos non están recibindo suficiente formación para ser cidadáns dixitais responsables. É imprescindible que isto cambie e que se inclúan nesa formación coñecementos sobre ciberseguridade”,* explicou Susana. Trátase de que *“os chamados nativos dixitais coñezan os riscos asociados ao uso das novas tecnoloxías, e de pór as medidas para evitar eses perigos”,* continuou.

Para Susana Rei, só así podemos aspirar a unha sociedade máis ‘cibersegura’ e poderá tamén aumentar o número de mozas que decidan orientar a súa carreira profesional cara á ciberseguridade. *“Porque non se pode manifestar vocación profesional de ningún tipo cara aquilo que se descoñece”,* argumentou a experta de R.

## Ciberseguridade sen estereotipos nin limitacións para as mulleres

Rey opina, ademais, que *“isto sería especialmente importante para as mulleres. A única imaxe que os nosos mozos e as nosas mozas están a recibir dos/as profesionais da ciberseguridade ten a súa orixe na ficción ou en estereotipos afastados da realidade. Moitas persoas pensarán que non encaixan nos chamados ‘soft skills’, ou habilidades e destrezas destes clixés; sobre todo as mulleres, afastándoas así de calquera interese profesional futuro neste ámbito”.*

A especialista do operador galego explicou que a ciberseguridade é un sector en auxe, que seguirá crescendo, e no que non existen profesionais abondas/os formadas/os, polo que o reto está lanzado.

## Para estudantes, persoal administrativo e investigadores/as

Moderadas por Ana Fernández, coordinadora xeral do MUNICS (Máster interuniversitario en ciberseguridade das universidades da Coruña e Vigo), na mesa redonda participaron, xunto a Susana Rey, a directora Xeral do INCIBE, Rosa Díaz, Esther Mateo, directora de Seguridade, Procesos e Sistemas e corporativos de ADIF e Belén Pérez, directora de Ciberseguridade do Grupo Nueva Pescanova.

A *Xornada Muller e Ciberseguridade*, especialmente dirixida a estudantes, persoal administrativo e investigadores/as, desenvolveuse en formato híbrido: presencialmente, dende o mencionado Aulario do campus universitario de Vigo, e de xeito virtual, a través da canle 1 de UVigo-TV.

## Comunicación R

[prensa@munido-r.net](mailto:prensa@munido-r.net)

[R.gal](http://R.gal)